

segundo
ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



Edici3s do Castro / ensaio

8. DA «QUINTANA».

Pra dar cumprimento ao que vos teño prometido de falar dos outros nomes do «adro», hoxe repararemos na verba «quintana», que ten moita historia. E un dos derivados de «cinque»; «quintanus» foi sinxelamente o que se repetiu de cinco en cinco. Nos campamentos románs a «vía quintana», que estaba entre as cohortes V^a e VI^a, era o lugar, achegado ao «questorio», onde tiñan as súas oficiñas os pagadores, e onde estaban os armacéns da administración, o que agora chamamos o «economato». E a «Porta Quintana» era como a «do Feiral». Emporiso xa Suetonio interpretaba a palabra como «mercado» ou alfóndiga e Livio como «praza pequena». San Isidoro a define como «a rúa que ten como a quinta parte dunha «platea» e por onde poden pasar coches», de onde ven o que di Alonso de Palencia: «parte de plaza por donde puede ir un chirrión». Mais non foi somentes «eirado» senón calquer «cercado»: o das eirexas, o anexo aos muros das vilas, dos castelos, dos pazos, da casa mesma. Neste seno pódese leer nun documento «cluso sive quintano», ou, no ano 856: «...ferraine, et pumares, et casares, et quintana, et exitum...», e máis de recente: «la casa con sus quintanas, entradas y salidas».

Nas «Cantigas de Santa María» ven co senso de «adro», falando da Catedral de Toledo: «tantos aa igrexa veeron que non cabían í nen na quintana». E Berceo, como «praza»: «quando sedié fablando, en medio la quintaana».

No latín medieval — lembremos que a usó a monxa Egeria — ten moitas acepcións. No Du Cange ve-

ñen: praza, dereito, xogo, anel, mensura agraria, cómputo de tempo, cloaca...

Fora do Norte de España perdurou pouco nas toponimias, e, cicáis como derivación dun posesor «Quintus». Kintzen, sobor do Danubio, chamouse «Quintianis». A «Quintana Roo» do Yucatán sería bautizada por asturianos ou galegos. Pois é nestas terras nosas onde máis se atopa: sesenta e cinco nas Asturias e cincuenta e seis en Galicia. Ten moitas formas ás que engaden adxetivos, advocacións ou patronímicos, á par de «Quintana», «Quintá», «Quintal», «Quintán», «Quintáns», «Quintela»... i, en castelán, «Quintanilla», «Quintanar», «Quintanal», «Quinzanes»... A perduración do cultismo «Quintana», fronte á forma vulgar «Quintá», é unha testemuña do feitío arcaizante do galego, que é a máis conservadora das falas románicas.

Do mesmo xeito que «quintana», saen de «cinque»: «quinto», «quinta» e «quinteiro». A «quinta» (parte) dou nome a sortes, exaccións, impostos, porcións, servicios, arrendamentos, aparceirías e outros tratos. E poden ter moito que ver ca «quinta parceira», as «quintas» (fincas), a «quintería», e cicáis o «quinteiro». Pois a «quinta» non é somentes a porción dos froitos ou da herdanza, senón o terreo co casal. Isto fixo pensar a Alberto Sampaio que «quintana» i estes derivados de «quintus» tivéranse xeneralizado como denominación de fincas no agro, polo uso dun sistema decimal na agrimensura, trascendido ao dereito civil. Polo que di ás particións, tamén provén de «quinque», «quinione», «quiñón». E o «quintal», como peso.

Anque sexa moi discutido, a «quinta» no agro pode ben vir da «quinta pars bonorum» da que o pai pode dispor libremente ou entregar en vida. Herbella de Puga coidaba que tiña que ver co pago en froitos,

cando asinala este orixe ás «quintas», «fincas de recreo». Desta liña virá «quinteiro» co senso do que pertesce á casa de laboura. Rodríguez o define como «corral o espacio descubierto pero cerrado con muralla»; Valladares, como a propia «casa de campo» e Cuveiro, como horno ou curro. En algúns lugares o «quinteiro» é tamén o baldío aberto nos lugares de paso, cunha sinificanza achegada a «rueiro». E neste caso achegámonos, de novo, ao senso, familiar, que tiña o «atrium» román.

A máis fermosa das «quintanas» que son adral de eirexa é a de Compostela. Tivo, de antigo, dous andares: o de embaixo, que era a «Quintana de Mortos», o camposanto, menos usado do que poidera suporse, porque en Compostela os tiñan, de seu, eirexas e hospitales; e o de enriba, «Quintana dos Vivos», donde estaban os xueces, os curiales, os escribanos, chamados, por eso, «quintanistas». Esta praza foi o lugar das festas, dos folións, dos xuntoiros. O título da «Tertulia da Quintana» fálanos deste costume de asuarse alí a xente a parolar. Eu maxino que, en tempos, cando o Obradoiro era aínda patio de armas e lugar de traballo, e o Paraíso da Azabachería, praza internacional dos romeiros; as Praterías axuntaban a menestrales e señores, e a Quintana sería a praza dos santiagueses, local, familiar, íntima, como o chouso da casa. O barroco enfeitouna como a Praza das Festas. García Lorca decía que era unha «praza butaca». De certo é a «sala de estar» de Compostela.

Pra a xente das Asturias, «quintana» ten o mesmo contido emocional que pra nós, os galegos, «eido»; como o «lar», o fogar, a terra en que se asenta a casa, que pra eles, a pra nós, é «media vida». Aquel exempro de mestres, dono do «esprito universitario», que foi Prieto Bances escribiu, en honra de Menén-

dez Pidal, un longo ensaio sobre «La mía quintana». Alí teño lido unhas verbas moi fondas, ponderando o que morrería se, un día, se perdesen as «quintanas», con todo o que a verba contén de achego ao solar nativo. E foron aquelas verbas as que me levaron a poñer o tíduo de «Quintana Viva» a un dos libros que máis quero.

«Faro de Vigo». 26-II-1978